



XV Edición

**Pontevedra 30 novembro
e 1 decembro 2021**

CONVOCATORIA

CONVOCATORIA

15ª EDICIÓN DO PITCHING 'I+P, IDEAS PARA PRODUCIR'

1. INTRODUCCIÓN

O Clúster Audiovisual Galego organiza a 15ª EDICIÓN DO PITCHING 'I+P, IDEAS PARA PRODUCIR', que se celebrará en Pontevedra os días **30 de novembro e 1 de decembro de 2021**.

Este foro de exposición de proxectos de produción audiovisual supón unha excelente oportunidade para a venda, financiamento, distribución e coprodución de contidos para cine e televisión.

O 'I+P, Ideas para Producir' converteuse nun encontro de referencia para os profesionais do sector a nivel nacional, incrementándose cada edición o número de proxectos inscritos para participar neste foro.

2. OBXECTIVO

O 'I+P, Ideas para Producir' ten como obxectivo reunir a produtores, guionistas e directores que teñan un proxecto de cine ou televisión, e que busquen alianzas empresariais de cara á súa coprodución, venda ou distribución, con directivos de canles de televisión e plataformas, produtores executivos, distribuidores e responsables de vendas internacionais.

3. INSCRICIÓN

Para inscribir proxectos na 15ª edición do pitching 'I+ P, Ideas para Producir' é necesario enviar un formulario de inscrición por cada proxecto ao mail comunicacion@clag.es.

Neste foro poderanse rexistrar os seguintes formatos de cine e televisión: longametraxes, miniserries e series de ficción, animación e documental. Programas de televisión.

Así mesmo, poderanse rexistrar varios proxectos por creador ou empresa e, como máximo, poderá ser seleccionado para participar no 'I+ P, Ideas para Producir' un (1) proxecto por autor ou empresa.

4. PRAZO DE REXISTRO DE PROXECTOS

O prazo de inscrición de proxectos de cine e televisión para participar na 15ª edición do 'I+ P, Ideas para Producir' estará aberto ata o **6 de outubro de 2021**.

5. SELECCIÓN

De entre todos os proxectos recibidos para participar no 'I+P, Ideas para Producir' 2021 un Comité de Expertos seleccionará 18 para realizar un *pitch* diante de destacados axentes do sector audiovisual.

Dos proxectos seleccionados, un número determinado deles serán de empresas socias do Clúster Audiovisual Galego e o resto serán de creadores ou empresas non pertencentes ao Clúster.

6. DESENVOLVEMENTO DO PITCHING

A xornada de Pitching da 15ª edición do 'I+P, Ideas para Producir' terá lugar o **1 de decembro de 2021** no Pazo da Cultura de Pontevedra.

En primeiro lugar realizaranse as presentacións dos proxectos seleccionados para participar na presente edición ante un auditorio composto por responsables de cine e televisión. Posteriormente celebraranse as reunións *one to one* entre os responsables destes proxectos e os compradores.

Na presente edición, o Clúster Audiovisual Galego garantirá en todo momento as medidas sanitarias e de distancia social esixidas polas autoridades fronte á Covid-19.

O 'I+P, Ideas para Producir' 2021 conta co apoio da Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), e do Concello de Pontevedra.

7. INCLUSIÓN DOS PROXECTOS NO CATÁLOGO DE FILMARKET HUB

A plataforma online Filmarket Hub mantén a súa colaboración co 'I+P, Ideas para Producir'. De maneira que os proxectos (longametraxes e series en desenvolvemento) seleccionados para participar na 15ª edición deste foro incluíranse no exclusivo catálogo de Filmarket Hub por tempo ilimitado. Filmarket Hub é o mercado online de longametraxes, documentais e

series máis importante do panorama nacional, que opera tanto en Europa como en Latinoamérica. Deste xeito os proxectos contarán con maior visibilidade e difusión, incrementando as súas posibilidades de encontrar posibles coprodutores ou compradores, podendo acceder a outras empresas ademais das que participen no pitching e das máis importantes do sector audiovisual; como tamén a fondos de financiamento en busca de proxectos.

8. CONTACTO

Inscripcións:

CLÚSTER AUDIOVISUAL GALEGO

T. (+34) 669 508 738 - 981 941 792

comunicacion@clag.es | www.clusteraudiovisualgalego.com

Organiza:



**CLUSTER
AUDIOVISUAL
GALEGO**

Subvencionan:

Actividade subvencionada polo Ministerio de Cultura y Deporte



Cofinancian:



Colaboran:



Patrocinan:

